Desde la reducción y la retención se explora lo mínimo y lo condensado con la concisión del negro o la sobriedad de los grises, o al contrario, desde las reminiscencias de las preciosistas miniaturas medievales, vivos colores, brillos, oro. Las escuelas de Bélgica –Lieja o Bruselas–, Canadá, Brasil, Serbia, aprovechan la variedad de los procesos gráficos de estampación y multiplicación; utilizan diferentes soportes y formatos, aunque domina el radical cuadrado; transgreden en ocasiones la bi-dimensionalidad y repliegan el reducido formato sobre sí mismo –papiroflexia y libritos–. Los participantes de la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra presentan el conjunto más heteróclito dentro de las limitaciones del proyecto, planteándose la problemática procesual en una idea de gráfica contemporánea de campo expandido.

Ante estas mínimas piezas estamos frente a lo rotundo de lo concentrado, de la riqueza de los detalles y filigranas, de la preciosidad y el brillo de las joyas, pero también de la reivindicación de lo mínimo, el elogio de lo poco, donde lo “menos es más”, en la intensificación de lo banal, de las cosas sin importancia. Estéticas a la vez de retracción y de lujo, estas 222 “Miniaturas” se presentan como desafíos y pequeños guiños a cierto espectáculo, a menudo grandilocuente y pomposo, del arte actual.

Durante siglos, las miniaturas, gracias a su reducido formato y su multiplicidad estampada, han sido vínculos de difusión y de comunicación a través de los continentes. Nuestras “miniaturas” pretenden concretar una modesta a la vez que rica cadena entre centros docentes, naciones y personas.



### Exposicións

A primeira exposición tivo lugar con motivo da 8ª Biennale internacional de gravure contemporaine de Liège, Bélxica, entre o 28 de abril e o 15 de maio de 2011, na sala de exposición da Académie Royale des Beaux Arts de Liège.

Máis tarde tiveron lugar simultaneamente as mostras no pavillón Benjamin-Sulte del Département des arts et de la philosophie de l'Université du Québec, en Trois-Rivières (Canadá), e a mostra da Sala X da Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

Durante o mes de marzo 2012 exhibíronse as “Miniaturas” na Galería da Facultade de Beaux Arts, F.L.U en Belgrado, Serbia, e en setembro de 2012, na Galería da Facultade de Artes Visuais, P. U. C. de Campinas, en Brasil.

### Resumo das técnicas gráficas empregadas

Grabado calcográfico (punta seca, aguafuerte, aguatinata), xilografía (madeira, linóleo, goma de borrar), serigrafía e procesos dixitais. Impresións sobre papel de diferente tipo e gramaxe, papel Xapón, artesanal, papel aluminio, tea ou pvc. Algunhas pezas incorporan o gofrado, a papiroflexia ou o encartado en forma de libriños, ou engaden outros elementos como a madeira, un pano de papel ou un botón. ■

### Exposiciones


La primera exposición tuvo lugar con motivo de la 8ª Biennale international de gravure contemporaine de Liège, Bélgica, entre el 28 de abril y el 15 de mayo de 2011, en la sala de exposición de la Académie Royale des Beaux Arts de Liège.

Más tarde tuvieron lugar simultáneamente las muestras en el pabellón Benjamin-Sulte del Département des arts et de la philosophie de l'Université du Québec, en Trois-Rivières (Canadá), y la muestra de la Sala X de la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra.

Durante el mes de marzo 2012 se exhibieron las “Miniaturas” en la Galería de la Facultad de Beaux Arts, F.L.U en Belgrado, Serbia, y en septiembre de 2012, en la Galería de la Facultad de Artes Visuais, P. U. C. de Campinas, en Brasil.

### Resumen de las técnicas gráficas empleadas

Grabado calcográfico (punta seca, aguafuerte, aguatinata), xilografía (madera, linóleo, goma de borrar), serigrafía y procesos digitales. Impresiones sobre papel de diferente tipo y gramaje, papel Japón, artesanal, papel aluminio, tela o pvc. Algunas piezas incorporan el gofrado, la papiroflexia o el plegado en forma de libritos, o añaden otros elementos como la madera, un pañuelo de papel o un botón. ■









**Kako Castro.** *S/T*  
Impresión digital 7 x 7 cm



**Laura Álvarez Conde.** *Enredos*  
Fotopolímero 3 x 5 cm  
Papel japonés 7 x 7 cm



**Roberto Álvarez.** *Diamante angular*  
Serigrafía sobre papel vegetal 7 x 7 cm



**Teresa Búa.** *Ojo a la esquina*  
Fotopolímero 5 x 5 cm  
Papel 7 x 7 cm



**Sebastián Camacho Muñoz.** *Universo*  
Linóleo 5 x 5 cm  
Papel, 7 x 7 cm



**Yulema Capeáns.** *S/T*  
Fotopolímero y lápiz 5 x 5 cm  
Papel 7 x 7 cm




**Claudia Cid Álvarez.** *Las plumas*  
Punta seca 5 x 5 cm  
Papel 7 x 7 cm



**Ángeles Díaz Seoane.** *S/T*  
Impresión digital 7 x 7 cm



**Josetxu F. Cárcamo.** *Combarro*  
31/01/2011  
Gofrado. Pano de papel 5,5 x 7,8 cm



**Estefanía Fernández Rodríguez.** *Mi querida Irene.* Punta seca  
3,4 x 5 cm. Papel 6 x 8 cm




**Marta Fortes.** *S/T*  
Impresión digital 4 x 4 cm  
Papel 7 x 7 cm




**Natalia Desirée García Lema.** *Fu*  
Sello y collage 5 x 5 cm  
Papel 8 cm



**Pedro García Ibañez.** *S/T*  
Fotopolímero 7 x 3,5 cm  
Papel 8 x 5 cm



**Anne Heyvaert.** *Mensajito*  
Punta seca y chine collé  
Papel 7 x 7 cm




**Elena Lapeña.** *Solaris*  
Impresión digital 4,4 x 4,1 cm  
Papel 7 x 7 cm



**Gema López González.** *Atrapada*  
Punta seca 5 x 5 cm  
Papel 7 x 7 cm



**Andrea Outeiral Diez.** *S/T*  
Gofrado y madera 7 x 5 x 2,6 cm  
Papel 5 x 5 cm



**Elvira Paz Sangiao.** *Hearts and thorns*  
Impresión digital 2,5 x 2,5 cm  
Papel chino 7 x 7 cm



**Sheila Pazos Silva.** *Atrapada*  
Impresión digital, botón, tela, e hilo  
7 x 7 cm



**Laura Rodríguez Cochón.** *S/T*  
Impresión digital, tres pliegos papel  
nacarado 5 x 4,5 cm



**Arkaitz Rodríguez Brage.** *S/T*  
Punta seca 7 x 2 cm  
Papel 8 x 6 cm



**Aída Rodríguez Donoso.** *El arte de liar*  
Impresión digital sobre adhesivo. Cajeti-  
lla de papel de fumar 4,7 x 9 x 0,5 cm



**Blanca Rodríguez Millán.** *La pluma  
hace el ala.* Goma de borrar  
3,5 x 4 cm. Papel 7 x 7 cm




**Catalina Romero Lema.** *Gato*  
Fotopolímero y acuarela 5 x 5 cm  
Papel 7 x 7 cm



**José Andrés Santiago.** *Entomológica X*  
(de la serie Origami). Impresión digital  
y papiroflexia 7 x 7 x 4,5 cm



**Clara Sobrino.** *S/T*  
Impresión digital y pan de oro  
Papel 5 x 5 cm



**Ana Soler.** *San Valentín*  
Impresión digital y pelo  
Secuencia progresiva  
Papel 7 x 7 cm



# Colección Alterarte do Campus de Ourense

**25.11.11 – 27.01.12**

**Comisarios:** Xosé M. Buxán Bran e Ignacio García Gómez del Valle

**Coordinador:** Filemón Rivas

## **Artistas:**

Juan Adrio, Nuno Alexandre Ferreira, Fruela Alonso, María Blanco, Oliver Añón, Mónica Cabo, Capricho Español, Samuel Castro, Rafael Cidoncha, Olmo Cuña, Chas, Rosendo Cid, Victor Hugo Costas Alonso, Vanesa Díaz, Dientes de Ojo, EME, Fanzine Enfermo, Tamara Feijoo, F.R.I.C.S., Sara Fuentes Cid, Ignacio García Gómez del Valle, Ernesto González Torterolo, Jesús Jiménez, Santi Jiménez, Left Hand Rotation, LIBA, Enrique Lista, Cruz López Viso, Moona Martínez, Carmen Mazaira, Holga Méndez, Álex Mene, Berio Molina, Acisclo Novo, José Paz, Sheila Pazos, Ana Pérez-Quiroga, Jorge Perianes, Sala La Perrera, Sara Sapetti, Xohan Torres, Mar Vicente, WeareQQ



## ~~O ESPAZO~~ ENTRE AS OBRAS [II]

Ignacio García Gómez del Valle

**P**odería debuxar unha liña imaxinaria que unira conceptualmente, nun debuxo maiúsculo, todas as obras da colección da Sala Alterarte. Que morfoloxía tería tal debuxo? Un león, unha lebre, un cabalo con alas, o espazo interior da copa do sombreiro de Beuys, o vaivén das mans de Gilbert & George que xeran ao facerse o nó das súas garbatas... Supoño que falar dunha colección, é imaxinar o relato dunha constelación de obras, nas que unhas brillan máis que outras, mais que todas son necesarias para articular a esplendorosa figura final.

Tivemos a oportunidade de ver na Sala X, por un intre, o despreque de todas aquelas obras que foron doando os artistas desde o inicio da Sala Alterarte. Tanto Xosé M. Buxán como eu, fixemos un xesto de memoria, un exercicio de compilación. Rememoramos obras e artistas, e agrupámolos intentando que se activasen por simpatía. Sí, por simpatía, como os explosivos que se inician por efecto dunha onda de choque, orixinada pola detonación doutro explosivo a curta distancia. Bo, quizais exaxero un pouco, pero creo que sería unha boa definición dunha montaxe ben feita. A boa noticia é que a colección seguirá medrando e haberá máis exposi-

## ~~EL ESPACIO~~ ENTRE LAS OBRAS [II]

Ignacio García Gómez del Valle

**P**odría dibujar una línea imaginaria que uniera conceptualmente, en un dibujo mayúsculo, todas las obras de la colección de la Sala Alterarte. ¿Qué morfología tendría tal dibujo? Un león, una liebre, un caballo con alas, el espacio interior de la copa del sombrero de Beuys, el vaivén de las manos de Gilbert & George que generan al hacerse el nudo de sus corbatas... Supongo que hablar de una colección, es imaginar el relato de una constelación de obras, en las que unas brillan más que otras, pero que todas son necesarias para articular la esplendorosa figura final.

Tuvimos la oportunidad de ver en la Sala X, por un instante, el despliegue de todas aquellas obras que han ido donando los artistas desde el inicio de la Sala Alterarte. Tanto Xosé M. Buxán como yo, hemos hecho un gesto de memoria, un ejercicio de recopilación. Hemos recordado obras y artistas, y las hemos agrupado intentando que se activen por simpatía. Sí, por simpatía, como los explosivos que se inician por efecto de una onda de choque, originada por la detonación de otro explosivo a corta distancia. Bueno, quizá exagero un poco, pero creo que sería una buena definición de un montaje bien hecho. La buena noticia es que la colección seguirá creciendo



cións, e con cada incorporación a colección se redefinirá e a súa lectura mudará.

Na colección da Sala Alterarte, vemos obras de artistas que se teñen feito un oco pouco a pouco neste complexo ecosistema das artes. Non quixera deixar de agradecer a xenerosidade dos artistas que teñen doado as súas obras, sendo cada unha das pezas, testemuña da excelencia dos seus propios traballos.

Agora non é o momento de falar sobre estes traballos, pero si o fixese, faríao considerando as obras como nodos, xa que a colección debe ter unha concepción sistémica. Todas as obras se interrelacionarían conformando unha rede. Sería algo así como a instalación de Duchamp *Sixteen Miles of String*, na que cunha corda enredou nunha xigantesca arañeira toda a exposición *First Paper of Surrealism*, atando cadros e lámpadas, dificultando o acceso á propia mostra. Ese entramado sería o texto sobre unha colección, porque falar dunha colección, é case sempre falar do espazo que hai entre as obras. ■■■

y habrá más exposiciones, y con cada incorporación la colección se redefinirá y su lectura mutará.

En la colección de la Sala Alterarte, vemos obras de artistas que se han hecho un hueco poco a poco en este complejo ecosistema de las artes. No quisiera dejar de agradecer la generosidad de los artistas que han donado sus obras, siendo cada una de las piezas, testigo de la excelencia de sus propios trabajos.

Ahora no es el momento de hablar sobre estos trabajos, pero si lo hiciese, lo haría considerando las obras como nodos, ya que la colección debe tener una concepción sistémica. Todas las obras se interrelacionarían conformando una red. Sería algo así como la instalación de Duchamp *Sixteen Miles of String*, en la que con una cuerda enredó en una gigantesca telaraña toda la exposición *First Paper of Surrealism*, atando cuadros y lámparas, dificultando el acceso a la propia muestra. Ese entramado sería el texto sobre una colección, porque hablar de un colección, es casi siempre hablar del espacio que hay entre las obras. ■■■



## O ESPAZO ~~ENTRE AS OBRAS~~ [III]


Xosé M. Buxán Bran

Abofé que o mellor que se pode dicir desta mostra é que non é un proxecto en pasado que historie a lembranza dun finado esplendor. E, iso, aínda que esteamos en tempos de sonoras quebras e abisais buracos de contidos e programas nesos centros de arte ou museos, até onte prestixiosos e con ampla sonda, hoxe cunha programación moribunda. Porque pola contra, a sala Alterarte do Campus de Ourense da Universidade de Vigo está hoxe mellor que cando se creou. Dende 2004 conta cunha programación ininterrompida e estábel e, sen dúbida, de calidade. Durante 3 cursos académicos dirixín e comisariei 17 exposicións individuais de artistas. Logo, durante os seguintes tres cursos, Ignacio García Gómez del Valle dirixiu e intensificou a proxección da sala, por exemplo dende as redes sociais e abríndoa ademais a un maior número de colectivos ou artistas de fóra de Galiza. Agora, dende finais de 2010, dirixo de novo os destinos da sala, pero non son eu, senón unha mancha de prestixiosas e prestixiosos profesionais os que comisariarían e propoñen os e as artistas a convidar. Esta nova programación chamámola *Estado Crítico* e iniciouse con dez críticos da prensa escrita galega que están a comisariar até finais de 2012 cadansúa mostra. Nunha segunda fase, *Estado Crítico 2* contará con case 15 docentes da nosa Universidade, a Universidade de Vigo.

## ~~EL ESPACIO~~ ENTRE LAS OBRAS [III]

Xosé M. Buxán Bran

Seguramente que lo mejor que se puede decir de esta muestra es que no es un proyecto en pasado que historie el recuerdo de un pasado esplendor. Y, eso, aunque estemos en tiempos de sonoras quebras y abisales agujeros de contenidos y programas en esos centros de arte o museos, hasta ayer prestigiosos y con amplia fama, hoy con una programación moribunda. Porque por la contra, la sala Alterarte del Campus de Ourense de la Universidad de Vigo está hoy mejor que cuando se creó. Desde 2004 cuenta con una programación sin interrupciones y estable y, sin duda, de calidad. Durante 3 cursos académicos dirigí y comisarié 17 exposiciones individuales de artistas. Luego, durante los siguientes tres cursos, Ignacio García Gómez del Valle dirigió e intensificó la proyección de la sala, por ejemplo desde las redes sociales y abriéndola además a un mayor número de colectivos o artistas de fuera de Galicia. Ahora, desde finales de 2010, dirijo de nuevo los destinos da sala, pero no soy yo, sino una montón de prestigiosas y prestigiosos profesionales los que comisariarían y proponen los y las artistas a invitar. Esta nueva programación la llamamos *Estado Crítico* y se inició con diez críticos de la prensa escrita gallega que están comisariando hasta finales de 2012 sus respectivas muestras. En una segunda fase, *Estado Crítico 2* contará



Mónica Cabo, Acisclo Novo, Santi Jiménez, EME,  
Tamara Feijoo, Sara Sapetti

Todas e todos contan xa cunha recoñecida traxectoria curatorial e nos indicarán os e as artistas que participarán e se unirán nos vindeiros anos a esta aventura creativa coñecida como Alterarte. Por estes motivos as obras expostas aquí , patrimonio do Campus de Ourense, non son soamente produto da xenerosa doazón dos e das diferentes artistas que foron pasando por Alterarte, senón que son sobre todo latexos enormemente vivos e potentes de persoas “alteradas”: homes e mulleres que co seu traballo de creación, xestión, docencia e comisariado están en permanente actividade e desenvolvemento, nunha sala imparábel en progresos e avances. Un milagre case nesta gris e tristeira época de anquilosamento e retraemento. ■■■■■

con casi 15 docentes de nuestra Universidad, la Universidad de Vigo. Todas y todos cuentan ya con una reconocida trayectoria curatorial y nos indicarán los y las artistas que participarán y se unirán en los próximos años a esta aventura creativa conocida como Alterarte. Por estos motivos las obras expuestas aquí, patrimonio del Campus de Ourense, no son solamente producto de la generosa donación de los y de las diferentes artistas que fueron pasando por Alterarte, sino que son sobre todo latidos enormemente vivos y potentes de personas “alteradas”: hombres y mujeres que con su trabajo de creación, gestión, docencia y comisariado están en permanente actividad y desarrollo, en una sala imparabile en progresos y avances. Un milagro casi en esta gris y triste época de anquilosamiento y retraimiento. ■■■■■



Xohan Torres, Álex Mene, Samuel Castro, Ernesto González Torterolo, Rafael Cidoncha, José Paz



José Paz, Jesús Jiménez, Holga Méndez, Olmo Cuña




Ignacio García Gómez del Valle, Chas, Víctor Hugo Costas Alonso, María Blanco, Fruela Alonso



Vanesa Díaz e Juan Adrio, Carmen Mazaira, Sara Fuentes Cid



Enrique Lista, Berio Molina, Rosendo Cid



Mar Vicente




Fanzine Enfermo



P u t





Nuno Alexandre Ferreira



Dientes De Ojo

< Capricho Español





Xohan Torres



# **Transcursos#1**

**Rut Massó / Salvador Cidrás**

**09 . 02 . 12 – 16 . 03 . 12**

Comisaria: Mar Caldas

## TRANSCURSOS#1

Mar Caldas

**T**ranscursos é unha nova serie de exposicións que revisita a obra de artistas formados na Facultade de Belas Artes de Pontevedra cunha prolongada e destacada traxectoria profesional. O título, *Transcursos*, reflicte a idea de percorridos, traxectos, camiños trazados. E, secundariamente, pode lerse en base ao prefixo trans –a través de, máis aló de– e cursos –que, de novo, remite a traxectoria á vez que ás etapas académicas.

A facultade, fundada en 1990, ven desempeñando un papel decisivo na educación artística, cunha demostrada repercusión no campo da arte galego. Volver sobre o traballo dos/as que un día foron os seus alumnos/as implica, de forma indirecta e diferida, facer balance da súa propia actividade. Por outra banda, significa sumarse ao merecido recoñecemento das súas obras.

Dado que a Sala X está situada no mesmo edificio que a facultade, a iniciativa tamén ten unha dimensión pedagóxica e contribúe a visualizar a continuidade entre formación e actividade profesional. Transmite, a quen agora ocupan as súas aulas, unha visión do posible futuro profesional artístico, permitiéndolles calibrar o nivel de

## ~~TRANSCURSOS#1~~

Mar Caldas

**T**ranscursos es una nueva serie de exposiciones que revisita la obra de artistas formados en la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra con una prolongada y destacada trayectoria profesional. El título, *Transcursos*, refleja la idea de recorridos, trayectos, caminos trazados. Y, secundariamente, puede leerse en base al prefijo trans –a través de, más allá de– y cursos –que, de nuevo, remite a trayectoria a la vez que a las etapas académicas.

La facultad, fundada en 1990, ha desempeñado un papel decisivo en la educación artística, con una demostrada repercusión en el campo del arte gallego. Volver sobre el trabajo de los/as que un día fueron sus alumnos/as implica, de forma indirecta y diferida, hacer balance de su propia actividad. Por otra parte, significa sumarse al merecido reconocimiento de sus obras.

Dado que la Sala X está ubicada en el mismo edificio que la facultad, la iniciativa también conlleva una dimensión pedagógica y contribuye a visualizar la continuidad entre formación y actividad profesional. Transmite, a quienes ahora ocupan sus aulas, una visión del posible futuro profesional artístico, permitiéndoles calibrar el nivel de conoci-

coñecemento teórico-práctico, o rigor, o esforzo, a persistencia e o auto-esixencia necesarios para desenvolver unha carreira artística.

Nesta primeira edición quixemos traer de volta á facultade a Rut Massó (Vigo, 1970) e Salvador Cidrás (Vigo, 1968), ambos da primeira promoción. A súas obra lograron unha importante proxección tanto en Galicia como no resto do estado español e no estranxeiro. Artistas con proxectos artísticos sólidos e importantes que, sen dúbida, teñen sido referentes para subsecuentes xeracións.

A súa *entrada* no campo da arte foi da man de Miguel Fernández-Cid, entón profesor na facultade: ambos participaron na célebre exposición *30 anos no 2000. Artistas galegos para un cambio de milenio* (Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela, 1994) que situaría na escena contemporánea a unha nova xeración de artistas. Volveron coincidir en *Novas creacións* (VIII Fotobienal de Vigo, 1998) interesante mostra de fotografía experimental xerada nas aulas, comisariada polo tamén docente Manuel Sendón. Os seus camiños apenas se volveron a cruzar, aínda que ambos manteñen un dobre vínculo con Alemaña e Galicia. Salvador Cidrás, recibindo bolsas de creación que o levaron a lugares como Colonia, California ou Londres, actualmente reside entre Lugo e Berlín. Rut Massó continúa vivindo en Munich desde que en 1997 trasladouse cunha bolsa de formación e aínda que sempre mantivo un nexo co campo da arte galego, recentemente reavivouse<sup>1</sup>.

O seu reencontro en *Transcursos #1* deu lugar a un proxecto expositivo concibido conxuntamente. Froito do diálogo entre ambos, foi articulándose fluidamente, segundo intercambiaban ideas e pensaban na obra dun en relación á doutro. A sinuosa imaxe da tarxeta de invitación foi elaborada por Rut Massó; Salvador Cidrás deseñou a librería de reminiscencias constructivistas do espazo de documentación.

Ese espazo abre a exposición. A través de catálogos, tarxetas e carteis, o visitante podería rastrexar os seus percorridos artísticos desde que saíron da facultade até o presente; explorar as súas participacións en distintas iniciativas, as derivas e aperturas dos seus proxectos, a persistencia de temáticas e inquietudes ao longo dos anos, a súa reformulación baixo distintos tratamentos formais ou desde diferentes disciplinas artísticas. Tratábase de achegar unha visión retrospectiva sobre o conxunto da obra artística de cada un que contextualizara e complementara os traballos en exposición, pertencentes ao período 2005 a 2012.

<sup>1</sup> Nos últimos anos Rut Massó expuxo individualmente nas galerías Sargadelos de A Coruña (2009) e de Santiago (2010) e participou nas colectivas *Casus Belli + Refutación do contexto* (Auditorio de Galicia, Santiago, 2011) e *A irmá do soño* (Igrexa da Universidade, Santiago, 2012).

miento teórico-práctico, el rigor, el esfuerzo, la persistencia y la auto-exigencia necesarios para desarrollar una carrera artística.

En esta primera edición quisimos traer de vuelta a la facultad a Rut Massó (Vigo, 1970) y Salvador Cidrás (Vigo, 1968), ambos de la primera promoción. Sus obras han logrado una importante proyección tanto en Galicia como en el resto del estado español y en el extranjero. Artistas con proyectos artísticos sólidos e importantes que, sin duda, han sido referentes para subsecuentes generaciones.

Su *entrada* en el campo del arte fue de la mano de Miguel Fernández-Cid, entonces profesor en la facultad: ambos participaron en la célebre exposición *30 anos no 2000. Artistas galegos para un cambio de milenio* (Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela, 1994) que situaría en la escena contemporánea a una nueva generación de artistas. Volvieron a coincidir en *Novas creacións* (VIII Fotobienal de Vigo, 1998) interesante muestra de fotografía experimental generada en las aulas, comisariada por el también docente Manuel Sendón. Sus caminos apenas se han vuelto a cruzar, si bien ambos mantienen un doble vínculo con Alemania y Galicia. Salvador Cidrás, recibiendo becas de creación que lo llevaron a lugares como Colonia, California o Londres, actualmente reside entre Lugo y Berlín. Rut Massó continúa viviendo en Munich desde que en 1997 se trasladó con una beca de formación y aunque siempre mantuvo un nexos con el campo del arte gallego, recientemente se ha reavivado<sup>1</sup>.

Su reencuentro en *Transcursos #1* dio lugar a un proyecto expositivo concebido conjuntamente. Fruto del diálogo entre ambos, fue articulándose fluidamente, según intercambiaban ideas y pensaban en la obra de uno en relación a la del otro. La sinuosa imagen de la tarjeta de invitación fue elaborada por Rut Massó; Salvador Cidrás diseñó la estantería de reminiscencias constructivistas del espacio de documentación.

Ese espacio abre la exposición. A través de catálogos, tarjetas y carteles, el visitante podría rastrear sus recorridos artísticos desde que salieron de la facultad hasta el presente; explorar sus participaciones en distintas iniciativas, las derivas y aperturas de sus proyectos, la persistencia de temáticas e inquietudes a lo largo de los años, su reformulación bajo distintos tratamientos formales o desde diferentes disciplinas artísticas. Se trataba de aportar una visión retrospectiva sobre el conjunto de la obra artística de cada uno que contextualizase y complementase los trabajos en exposición, pertenecientes al periodo 2005 a 2012.

<sup>1</sup> En los últimos años Rut Massó ha expuesto individualmente en las galerías Sargadelos de A Coruña (2009) y de Santiago (2010) y ha participado en las colectivas *Casus Belli + Refutación del contexto* (Auditorio de Galicia, Santiago, 2011) y *La hermana del sueño* (Iglesia de la Universidad, Santiago, 2012).

A instalación de Salvador Cidrás, *24 horas 10 minutos* (2009), ideada especificamente para a súa exposición individual do mesmo nome no MUSAC e reelaborada fragmentariamente para a Sala X, xera un espazo no que se mesturan os seus traballos e modifica a arquitectura da sala, subdividíndoa e abrindo unha pasaxe cara ás obras de Rut Massó.

Na instalación, configurada por unha pel de papel encolado, contamináanse distintos medios –debuxo, vídeo, mural, grafismo– compondo unha rede de signos e de significacións relativos á subcultura xuvenil. Non hai autonomía das obras, linguaxes ou materiais, cada un intercepta ao outro: a superficie de plexiglás de *Consumindo xuventude* (2009) absorbe o espazo e reflicte a videoproxección adxacente; a iconografía erótica desa peza atopa un eco na imaxinaría das plantillas e debuxos do mural; a plantilla –negativo– deixa de ser un medio ao confrontarse co debuxo resultado do seu uso –positivo; o papel prateado actúa como soporte e como pigmento.

Este collage agrega materiais xa dados –extraídos da publicidade, internet, revistas, fanzines...– e recontextualizados segundo unha lóxica de *postproducción* que dilúe as fronteiras entre produción e consumo<sup>2</sup>. Referencias cinematográficas, musicais, literarias ou gráficas que constitúen o ámbito cotián iuxtaponse e superponse. Imaxes pornográficas e infantís debuxos animados, citas a Pasolini e estética amateur, transgresor punk e cándido pop. Prodúcese un *choque dos heteroxéneos*, característica que Rancière localiza na arte que agudiza “á vez a nosa percepción do xogo dos signos, a nosa conciencia da fragilidade dos procedementos de lectura dos mesmos signos e o pracer que experimentamos ao xogar co indeterminado”<sup>3</sup>.

A heteroxeneidade sónica queda suavizada polo tratamento formal. Sobriedade e economía de cor –negra e prateada, cunhas breves notas de vermello e verde achegadas polos debuxos de cera pigmentada (*Virulente*, 2011 e *Visionario*, 2012)– contribúen a crear unha atmosfera fría, onde todo parece cuberto dun baño grisáceo. Veo que mostra e oculta á vez, que resta explicitude e aspereza ao representado, no mesmo sentido que operan outras *pantallas* empregadas polo artista: o plexiglás tinxido apagando o debuxo que hai tras el, as imaxes solapándose e interpóndose no mural, os reflexos e vibracións provocando confusión de formas... Estratexias que non só filtran a inmediatez e intimidade dalgunhas imaxes, senón que tamén esixen do espectador deterse na forma sensible da obra, en

La instalación de Salvador Cidrás, *24 horas 10 minutos* (2009), ideada especificamente para su exposición individual del mismo nombre en el MUSAC y reelaborada fragmentariamente para la Sala X, genera un espacio en el que se entremezclan sus trabajos y modifica la arquitectura de la sala, subdividiéndola y abriendo un pasaje hacia las obras de Rut Massó.

En la instalación, configurada por una piel de papel encolado, se contaminan distintos medios –dibujo, video, mural, grafismo– componiendo una red de signos y de significaciones relativos a la subcultura juvenil. No hay autonomía de las obras, lenguajes o materiales, cada uno intercepta al otro: la superficie de plexiglás de *Consumindo xuventude* (2009) absorbe el espacio y refleja la videoproyección adyacente; la iconografía erótica de esa pieza encuentra un eco en la imagería de las plantillas y dibujos del mural; la plantilla –negativo– deja de ser un medio al confrontarse con el dibujo resultado de su uso –positivo; el papel plateado actúa como soporte y como pigmento.

Este collage agrega materiales ya dados –extraídos de la publicidad, internet, revistas, fanzines...– y recontextualizados según una lógica de *postproducción* que difumina las fronteras entre producción y consumo<sup>2</sup>. Referencias cinematográficas, musicales, literarias o gráficas que constituyen el ámbito cotidiano se juxtaponen y superponen. Imágenes pornográficas e infantís dibujos animados, citas a Pasolini y estética amateur, transgresor punk y cándido pop. Se produce un *choque de los heterogéneos*, característica que Rancière localiza en el arte que agudiza “a la vez nuestra percepción del juego de los signos, nuestra conciencia de la fragilidad de los procedimientos de lectura de los mismos signos y el placer que experimentamos al jugar con lo indeterminado”<sup>3</sup>.

La heterogeneidad sónica queda suavizada por el tratamiento formal. Sobriedad y economía de color –negro y plateado, con unas breves notas de rojo y verde aportadas por los dibujos de cera pigmentada (*Virulente*, 2011 y *Visionario*, 2012)– contribuyen a crear una atmósfera fría, donde todo parece cubierto de un baño grisáceo. Velo que muestra y oculta a la vez, que resta explicitud e aspereza a lo representado, en el mismo sentido que operan otras *pantallas* empleadas por el artista: el plexiglás tintado apagando el dibujo que hay tras él, las imágenes solapándose e interponiéndose en el mural, los reflejos y vibraciones provocando confusión de formas... Estratexias

2 Bourriaud denominou así as prácticas en que “A pregunta artística, xa non é: ‘que é o novo que se pode facer’, senón máis ben: ‘que se pode facer con?’” (Nicolas BOURRIAUD, *Post produción. La cultura como escenario: modos en que el arte reprograma el mundo contemporáneo*. Bueno Aires: Adriana Hidalgo, 2004, p. 13).

3 Jacques RANCIÈRE, *Sobre políticas estéticas*. Barcelona: Servei de Publicacions de la Universitat Autònoma de Barcelona, p. 47.

2 Bourriaud ha denominado así a las prácticas en que “La pregunta artística, ya no es: ‘qué es lo nuevo que se puede hacer’, sino más bien: ‘qué se puede hacer con?’” (Nicolas BOURRIAUD, *Post produción. La cultura como escenario: modos en que el arte reprograma el mundo contemporáneo*. Bueno Aires: Adriana Hidalgo, 2004, p. 13).

3 Jacques RANCIÈRE, *Sobre políticas estéticas*. : Servei de Publicacions de la Universitat Autònoma de Barcelona, p. 47.

vez de atravesala como un signo transparente para ir directamente ao sentido. Estratexias que tamén provocan un distanciamento emocional ao arrefecer temas eminentemente cálidos: o desexo, a sexualidade, a adolescencia.

A adolescencia. Sedutora máis aló do valor concedido ao *xove* na sociedade capitalista e, principalmente, vehiculado na imaxe corporal. Senón porque quen non se identifica con aquel estado de indeterminación que define ao adolescente? Situado nun lugar neutral, ingrávigo, desde onde cabe sobrevoar o mundo social e os seus conflitos. Provisionalmente liberado das obrigacións e imposicións sociais; como dicía Sartre en *A morte na alma*, “sen ninguén a quen coidar, sen lugar nin fogar, sen fe nin lei”. Etapa previa ao envellecemento social, na que virtualmente se posúe unha pluralidade de posibles ao non ter tido aínda que escoller, comprometerse, definirse, xerar pertenza. (“RESIT\_REVEL\_REVOLT”, please). Durante a cal se representa un papel –en vez de meterse en serio nel– antes de adoptar unha identidade social inequívoca. Período no que se imitan as poses do adulto e a feminidade ou, neste caso, a masculinidade ensáianse nunha retórica impregnada de esteticismo e ambigüidade.

Atravesando diferentes temáticas, a investigación de Salvador Cidrás discorre no terreo da escultura: a súa relación co espazo, o deseño e a arquitectura, o comportamento dos materiais. Pola súa banda, Rut Massó desenvolveu un traballo pictórico no que ten investigado as calidades cromáticas, a materia e a forma de aplicala, o claroscuro, a relación figura e fondo ou os xéneros da pintura, sempre desde unha actitude renovadora. Nas obras expostas, é apreciable como adopta os xéneros mesturándoos entre si. Nunca encadrables nun estable, os seus retratos e paisaxes incorporan elementos propios do bodegón, os seus retratos están atravesados pola paisaxe ou son, simultaneamente, rostros e naturezas mortas.

En *Encontro* (2008), da súa serie de escenas no bosque, a pintura reivindica os seus vínculos co teatro ao recuperar a narratividade e cobrar un aspecto de escenografía. O contraste entre luz cegadora e sombra profunda é radical, nas zonas de exceso de luz ou de falta dela queda cegado calquera detalle. Á vista, uns misteriosos personaxes –algún aparece enmascarado, unha sobredimensionada caveira preséntase como un personaxe máis– reunidos nun espazo inquietante. A realidade semella terse curvado, ou quizais, amplificado: as árbores cobran lisura e flexibilidade, coma se o seu esqueleto tivera abrandado; ou semellan carnosos talos de plantas, coma se a través dunha lupa examinásemos un submundo cuxa escala choca coa dos seus habitantes. O visible rastro do pincel dá forma a este mundo de ficción e de soño, co seu percorrido curvo bosqueja os seres e a terra, o trazo vertical confire elasticidade e estatura aos troncos, a pincelada horizontal acentúa a profundidade da densa noite.

que no sólo tamizan a inmediatez e intimidad de algunhas imáxenes, sino que tamén exigen del espectador detenerse en la forma sensible de la obra, en vez de atravesarla como un signo transparente para ir directamente al sentido. Estrategias que también provocan un distanciamento emocional al enfriar temas eminentemente cálidos: el deseo, la sexualidad, la adolescencia.

La adolescencia. Seductora más allá del valor concedido a *lo joven* en la sociedad capitalista y, principalmente, vehiculado en la imagen corporal. Sino porque ¿quién no se identifica con aquel estado de indeterminación que define al adolescente? Situado en un lugar neutral, ingrávigo, desde donde cabe sobrevoar el mundo social y sus conflictos. Provisionalmente liberado de las obligaciones e imposiciones sociales; como decía Sartre en *La muerte en el alma*, “sin nadie a quien cuidar, sin lugar ni hogar, sin fe ni ley”. Etapa previa al envejecimiento social, en la que virtualmente se posee una pluralidad de posibles al no haber tenido todavía que escoger, comprometerse, definirse, generar pertenencia. (“RESIT\_REVEL\_REVOLT”, please). Durante la cual se representa un papel –en vez de meterse en serio en él– antes de adoptar una identidad social inequívoca. Periodo en que se imitan las poses del adulto y la feminidad o, en este caso, la masculinidad se ensayan en una retórica impregnada de esteticismo y ambigüedad.

